

Alfonso LÁUZARA

Aquela noite

Aquela noite fría en Compostela
de paseo antigo ebriagado e bohemio
en que lle deu por tender o corpo como un lenzo
pousado en pleno centro da entrañábel praza
do Obradoiro de poesía e soños
tan só para contemplar ante si a inmensidade
dende o corpo de elegancia rendida
proxeitada con soberbia cara o ceo estrelecido.
A xeadá sempre escolle as costas para entrar no corpo.
Unha figura maxestosa de contornos
como unha fermosa ondulación da pedra,
en harmonía co ancestral cosmos que procura,
negra sombra que do seu asombro se asombra
para deixar na lúa a pegada dun soño.
Era todo desexo fatal incontíbel en garda en espera
Todo era tentación doce a caer en decadencia
e deixarse caer xa sen remilgos sobre un corpo ben acaído
tan suavemente, como orballo na madrugada, esa fera
e depositar aquel bico delicado nos perfilados beizos,
procurar con ansia o cosmos cara a cara
e remexer estrelas coa lingua ebriagada de lus
para a posteridade.
A tentación alí estaba na praza.
Sen dúbida,
a imaxinación no luar desatada.
Era un intre de pedra xeadá. El suaba a fío.
Aquela noite fría, Compostela era un bico na lembranza.
Afroxou o nudo da garabata, mais xa era tarde.
O dandi penduraba enforcado no devalo.